



## Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/15/2016	CON10I0NQ
5H262E5T0Q1G5H0I0I7F	

Reunidos na Casa do Concello o día 8 de xullo de 2016, ás 12:15 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato denominado “Traballos técnicos para o desenvolvemento de catro programas de carácter sociocomunitario no eido do benestar social da cidadanía” formada por D. José Manuel Blanco Suárez (Alcalde), que actuará como presidente; Dna. M. Amparo Santamariña Vázquez (Secretaria substituta da Corporación); Dna. M. Pilar Canzobre Méndez (Interventora da Corporación); Dna. Yolanda Martínez García (Xefa do Servizo Sociocomunitario); Dna. Natalia Hermida Rico (concelleira delegada para asuntos de mocidade e lecer), que actuarán como Vogais, e por último D. Ignacio Mazaira Garro, que actuará como Secretario da Mesa.

O Secretario da Mesa antes de proceder á apertura dos sobres, anuncia a admisión de todas as ofertas agás a presentada por LA GUAGUA S.L., por non xustificar a data e hora do envío da oferta por Correos. Así mesmo, indica que foron presentados dous escritos sobre este asunto, escritos que estudará a Mesa de Contratación.

Ás 12 horas e vinte minutos, aos efectos do disposto no artigo 27 do R.D.L. 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de 30 de outubro, de contratos do sector público e na cláusula 11.2 do prego de condicións administrativas particulares que rexe este contrato, procedeuse, pola presidencia, á apertura dos sobres “B” Documentación técnica para a valoración dos criterios de adxudicación que dependen dun xuízo de valor de cada un dos lotes aos que se presenta, resultando:

**Sedega S.L.**, presenta documentación para os lotes 2,3 e 4

**Gestión Plus S.L.**, presenta documentación para os lotes 1,3 e 4

**Rexenerando Sociedad Cooperativa Galega**, presenta documentación para o lote 3



**Esproade S.L.**, presenta documentación para o lote 4

**Senes Cit S.L.**, presenta documentación para os lotes 1 e 3

Estas propostas remitiranse aos servizos técnicos municipais para o seu informe, unha vez redactado este, a Mesa volverá a reunirse para proceder á valoración dos criterios técnicos, en cumprimento do artigo 25 do Regulamento da Lei 30/2007 de contratos do sector público.

Rematado o acto público de apertura, a Mesa considera oportuno prorrogar a reunión e tratar os escritos presentados pola empresa La Guagua S.L.

Lidos os mesmos e debatida a interpretación dada pola empresa interesada, a Mesa por unanimidade optou por manter a decisión de excluír á mercantil La Guagua, por non cumprir unha das dúas condicións que esixe o artigo 80.4 do regulamento xeral da Ley de contratos das administracións públicas, en concreto a xustificación do día e hora de presentación da oferta, xustificación que se debería achegar o mesmo día da presentación, o que non se fixo. Como establece o artigo 80.4 xa mencionado, este incumprimento é causa de inadmisión da oferta.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as doce horas e trinta minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando connigo os membros da mesa.